



## **NOTA DE PRENSA**

### **O PSOE critica que as promesas da Xunta en relación ao proxecto do Centro de Maiores de Carballedo son meramente electoralistas**

Isabel González afirma que “parece que para o PP os veciños e veciñas de Carballedo soamente son importantes en campaña electoral, unha vez pasados os comicios vólvenos a abandonar”

A voceira socialista explica que “Feijoo xa comprometera na anterior lexislatura a execución do proxecto pero desentendeuse de todo e hoxe aínda non é unha realidade”

O PSOE ven realizando unha intensa campaña a prol dun proxecto que cubriría a enorme necesidade da cidadanía do Concello, xa que a maioría da súa poboación supera amplamente os 65 anos. Por iso, o Grupo Parlamentario do PSOE, presentou na Cámara galega varias iniciativas co obxectivo de que o PP concretara as previsións con respecto a construción e posta en marcha da infraestrutura

O deputado autonómico, Vicente Docasar, interesouse en varias ocasións por esta importante infraestrutura para Carballedo pero as respostas da Xunta nin foron claras nin convincentes. O Goberno do Partido Popular puxo numerosas escusas para non executar o proxecto como que a dó existe unha solicitude de acceso.

**CARBALLEDO, 30 DE MARZO DE 2015.**-A voceira do PSOE de Carballedo -Isabel González Blanco- afirma que as promesas do Goberno do PP en relación ao proxecto do Centro de Maiores do municipio son meramente electoralistas. “Parece que para o PP os veciños e veciñas de Carballedo soamente son importantes en campaña electoral, unha vez pasados os comicios vólvenos a abandonar”. Estas declaracións veñen motivadas pola xuntanza que a conselleira de Traballo e Benestar e a delegada da Xunta en Lugo mantiveron recentemente co alcalde, e na que se comprometeron a retomar o proxecto para crear un centro de maiores na localidade.

A socialista afirma que “quen sacou os papeis do caixón foi o PSOE, algo que foi recoñecido incluso polo rexedor popular, quen ten dito que foi grazas ao impulso dos socialistas que o proxecto mantivera a súa forza”. Neste senso, engade: “Feijoo xa se comprometera na anterior lexislatura á súa execución, pero desentendeuse de todo e hoxe aínda non é unha realidade”. A falta de cumprimento das promesas coa cidadanía do municipio non se entende, e menos se se ten en conta que a administración autonómica afirma que o Concello conta cun expediente favorable de creación dun fogar residencial e dun centro de día dende 2012.

#### **Intensa campaña do PSOE**

O PSOE vén realizando unha intensa campaña a prol dun proxecto que cubriría a enorme necesidade da cidadanía do Concello, xa que a maioría da súa poboación supera amplamente os 65 anos. Por iso, o Grupo Parlamentario do PSOE, presentou na Cámara galega varias iniciativas co obxectivo de que o PP concretara as previsións con respecto a construción e posta en marcha da infraestrutura.

Neste senso, o deputado autonómico -Vicente Docasar- interesouse en varias ocasións por esta importante infraestrutura para Carballedo pero as respostas da Xunta nin foron claras nin



## **NOTA DE PRENSA**

convincentes. Proba delo, é que o Goberno do Partido Popular puxo numerosas escusas para non executar o proxecto como que só existe unha solicitude de acceso.

Ante o interese do deputado autonómico, no mes de abril do ano 2013 a Consellería de Traballo contestou por escrito que “tiñan constancia da presentación por parte do Concello de Carballedo, dun expediente de creación, tanto para un fogar residencial, como para centro de día que contan con resolución favorable de creación (con data do 2012)” e engaden “na medida en que o promotor desta obra é o Concello entendía que era tamén o que debería levar a cabo a construción e posta en marcha do centro”. Resposta que non convenceu aos socialistas, por iso no 2014 volveu a instar á Xunta a aclarar se tiñan pensando axudar economicamente ao Concello de Carballedo para acometer esta obra, ou se ían seguir xogando coa boa fe dos veciños e veciñas da localidade en enganando cunha promesa que se vai extendendo nos anos pero que nunca se fai.

Os socialistas agardan que non haxa máis escusas nin desculpas, “e que agora se cumpra co prometido e nada impida o inicio das obras dunha infraestrutura tan necesaria para os potenciais usuarios do centro”.